



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE DECEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 7 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 2 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D<sup>a</sup>. María Jesús Magdalena Vila (asiste aos puntos 1a e 2a)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 3a, 4a e 5a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 3b e 4b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López  
D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 1a e 1b)

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Apertura administrativa**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)**

Presente neste punto a xefa do Servizo de Contratación, comunica aos membros da Mesa que con data de hoxe se presentou no Rexistro Xeral escrito asinado por D. Carlos de San Ildefonso Pereira, en representación de LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, SL, no que solicita “se le dé carácter de CONFIDENCIAL al contenido del sobre B (criterios evaluables mediante juicio de valor) presentado por esta empresa para la mencionada contratación, de conformidad con el artículo 140 del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público”. Argumenta a xefa do Servizo que ao non prever o alegado artigo 140 o momento no que os licitadores poden declarar a confidencialidade das súas proposicións, nada impide que poida o solicitante declarar a confidencialidade da súa proposición con posterioridade á súa presentación.

A continuación ábrese o sobre A “Documentación persoal” deste procedemento. Ante as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:05	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-C44D5A-D237B7-62GF88-CHFV17-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

dúbdas dos membros da Mesa sobre a solvencia técnica declarada pola empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, SL, a directora de Ingresos, presente na sesión, aclara, respecto dos contratos declarados pola empresa, que o importe das anualidades 2012 a 2015 do contrato de “*Colaboración cos servizos de xestión catastral delegada e administración electrónica para a realización de determinadas funcións catastrais*”, prestado ao Concello de Vigo, é de 220.000 euros, polo que sumado cos importes dos demais contratos relacionados pola empresa permite concluír que ten solvencia técnica suficiente.

Tras a cualificación da citada documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a todos os licitadores presentados:

1. EIBISA NORTE, S.L. (lotes A e B)
2. LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (lotes A e B)
3. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (lotes A e B)

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)**

Presente neste punto a xefa do Servizo de Contratación, dá conta aos membros da Mesa do recurso especial en materia de contratación interposto polo comité de empresa de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U. contra o prego de cláusulas administrativas particulares. Comunica, así mesmo, que o 5 de decembro de 2016 consultou por vía telefónica ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais se se acordara, como medida cautelar, a suspensión deste procedemento, e confirmáronlle que non se adoptara tal acordo.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a todos os licitadores presentados:

1. SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.)
2. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.
3. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)
4. OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.
5. CLECE, S.A.
6. LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A.

**2.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)**

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á apertura.

En base ao escrito presentado no día de hoxe pola empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, SL, do que se deu conta aos membros da Mesa no punto 1a, faise constar que a súa proposición foi declarada CONFIDENCIAL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:05	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-C44D5A-D237B7-62GF88-CHFV17-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asisten á sesión: D<sup>a</sup>. María Teresa Parceros Álvarez, con DNI 36.050.883, en representación da CIG Comité de Empresa; D<sup>a</sup>. María del Carmen Comesaña, con DNI 36.060.584-B, en representación da CIG, D<sup>a</sup>. María del Tránsito Fernández Fernández, con DNI 35.299.919-W, en representación da CIG; D<sup>a</sup>. María Julia Rúa Alonso, con DNI 36.032.481-Z, en representación do Comité de Empresa; e D<sup>a</sup>. Xulia Rouco González, con DNI 36.029.444-J, en representación do Comité de Empresa Colexios.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### **3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Entrégase o informe de valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 2 de decembro de 2016. Detectados dous erros na primeira táboa da páxina 4 do informe, estando presente o citado xefe do Servizo, comprométese á súa corrección e entrega na mesma sesión.

Un membro da Mesa quere facer constar que aínda que o informe non se pronuncia sobre se algunha das proposicións presentadas pode ser considerada anormal ou desproporcionada, non se identifica ningunha oferta que incorra nesa situación.

Antes de finalizar a sesión incorpórase o xefe do Servizo de Administración Electrónica que entrega, a todos os membros da Mesa, copia do informe emitido con data 7 de decembro de 2016 que rectifica o do 2 de decembro.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) (informe sobre B)**

Entrégase o informe dos arquitectos municipais do 2 de decembro de 2016 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” así como o informe que rectifica o anterior, asinado polos arquitectos municipais o 7 de decembro de 2016, do que se entrega copia a cada un dos membros presentes. Presente na sesión o xefe da Área de Investimentos explica aos membros da Mesa o motivo da rectificación.

### **4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:05	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-C44D5A-D237B7-62GF88-CHFV17-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Acéptase o informe do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula”, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 7 de decembro de 2016.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) (informe sobre B)**

Acéptase o informe dos arquitectos municipais do 7 de decembro de 2016 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**5.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por incorporar ao sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación), segundo consta no informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016:

1. ACUNTIA, S.A.
2. SUMINISTROS, IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
EDNON, S.L.	79,97
COREMAIN, S.L.U.	73,90
TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	72,24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:05	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-C44D5A-D237B7-62GF88-CHFV17-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Licitador	Puntuación total
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	70,38
SIVSA, SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.A.U.	61,62
INFORHOUSE, S.L.	57,76
ASAC COMUNICACIONES, S.L.	42,59

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 7 de decembro de 2016  
O presidente da Mesa de Contratación  
(David Regades Fernández)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 07:05	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-C44D5A-D237B7-62GF88-CHFV17-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		